

CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

ACTA Nº 4/2013

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA DEZAOITO DE XULLO DE DOUS MIL TRECE.

En Paradelas, a dezaeito de xullo de 2013.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e dous minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO.
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D^a M^a TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D^a. ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ.
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Non asiste D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 30 DE MAIO DE 2013.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 30 de maio de 2013, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 30 de maio de 2013, e a voceira do Grupo Municipal Socialista D^o Sonsoles López Izquierdo di que no punto de Informes de Alcaldía non se reflexou o contido do que se dixo e as alusións persoais a súa persoa e que si aparece na páxina dúas do “panfleto” remitido polo Alcalde aos vecinos, polo que votan en contra.

O Sr. Alcalde di que o que se recolle na acta e sucintamente, tal e como establece a lexislación, o que se manifesta no Pleno.

O resultado foi de aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada en data 30 de maio de 2013 pola maioría absoluta, cos votos a favor dos oito Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular e os dous votos en contra do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

2º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

O Pleno dase por enterado.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2012.

Abre este punto da orde do día o Sr. Alcalde manifestando que a Conta foi informada pola Comisión Especial de Contas en maio, expúxose ao público no prazo legalmente establecido sen que houbera alegación algunha, quedando por parte da Corporación o trámite de aprobación, polo que se somete a mesma ao Pleno.

Sen que se produza debate algún e sometida a votación ordinaria. O Pleno por maioría absoluta cos oito votos a favor dos membros do Grupo Municipal Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista; sendo once o número legal de membros; acordou:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2012 nos termos e coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO.- Render a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado, nos termos previstos na normativa aplicable.

4º.- MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO APARTADO SEXTO DA BASE DE EXECUCIÓN NUMERO 24 DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2013, RELATIVA A AXUDAS E SUBVENCIONS PÚBLICAS.

Consta no expediente, a proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:

“Visto o Proxecto de cobertura de necesidades básicas que está a levar a cabo a Fundación Amigos de Galicia dentro do “Plan de axuda ás persoas necesitadas”, axudas de carácter mensual consistente en axuda alimenticia. A Fundación ademais distribúe roupa e produtos de hixiene, así como enseres domésticos e axudas pecuniarias para pagos de aluguer, luz, auga, garderías, etc... ás familias que se atopan en situación real de extrema pobreza.

Na actualidade en Paradela están sendo beneficiarios deste proxecto de cobertura de necesidades básicas mediante axuda alimenticia (dende o mes de xaneiro e continuará alo menos ata finais de ano) unha familia de cinco persoas, tres deles menores de idade.

Asemade a Fundación axudou a outra familia mediante o subministro de enseres domésticos.

Vista a labor que leva a cabo a citada Fundación a intención do Grupo de Goberno é outorgar unha subvención nominativa por importe de 500,00 € á Fundación Amigos de Galicia.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello paradelas@eidolocal.es

Asemade, o Grupo de Goberno ante a solicitude da Agrupación Deportiva de Veteranos de Paradelas, entidade de carácter deportivo, ten a intención de outorgar unha subvención nominativa por importe de 500,00 €.

Con carácter previo e para o estricto cumprimento da lexislación vixente resulta necesario a modificación do apartado sexto da Base de Execución número 24 do actual Orzamento de 2013, relativa a Axudas e subvencións públicas para incluír á citada Fundación dentro dos beneficiarios de subvención nominativas que outorga o Concello de Paradelas.

En vista de todo o anterior, o Concello propón ao Pleno da Corporación,

PRIMEIRO.- A modificación do apartado sexto da Base de execución número 24 que quedaría redactada do seguinte xeito:

6.- En todo caso son subvencións con asignación nominativa no Orzamento:

- ADESPA.....	4.200,00 €
- ASOCIACIÓN CULTURAL "O BARRIDO".....	1.200,00 €
- ASOCIACIÓN DE MULLERES DE PARADELA.....	1.000,00 €
- ASOCIACIÓN XUVENIL DE CASTRO DE REI DE LEMOS....	1.000,00 €
- AGRUPACIÓN DEPORTIVA DE VETERANOS DE PARADELA	500,00 €
- COMISIÓN FESTAS CASTRO DE REI DE LEMOS.....	2.000,00 €
- COMISIÓN FESTAS PARADELA.....	3.000,00 €
- COMISIÓN FESTAS TRADICIONAIS E POPULARES	
PARROQUIAS DO MUNICIPIO, 60 € por Parroquia.....	600,00 €
- FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA.....	500,00 €
- SOCIEDADE DEPORTIVA PARADELA.....	6.000,00 €

SEGUNDO.- Expoñer ao público a modificación do apartado sexto da base de Execución número 24 do Orzamento Xeral para o exercicio 2013, polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos do seu exame e presentación, no se caso das reclamacións oportunas polos interesados.

TERCEIRO.- Considerar elevado a definitivo este acordo no caso de que non se presente reclamación algunha.

Paradelas, 10 de xullo de 2013. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz."

A voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López Izquierdo pregunta pola aportación á Festa de Castro de Rei de Lemos que pasou de trescentos a dous mil euros.

O Sr. Alcalde di que isto xa se contemplaba cando se aprobou o Orzamento e fíxose porque había crédito suficiente para poder facelo.

Toma a palabra o Concelleiro do Grupo Municipal Socialista D. Guillermo Castro González dicindo que sería mellor repartir coas outras parroquias e pregunta se esta axuda vai a perdurar no tempo.

O Sr. Alcalde contesta que en principio si perdurará, pero dependerá da economía do Concello e do crédito cando se redacten os orzamentos, e en canto as outras parroquia poderían levar máis ou menos aportación.

D. Guillermo Castro González di que polo Concello se pagaron dúas facturas o ano pasado e que na relación de gastos da Comisión aparecían como aportación anónima.

O Sr. Alcalde di que non se acorda do caso, pero pode ser que se pagaran e non pode entrar a valorar nin coñece a xustificación que fan as comisión de festas.

Sómete a proposta de alcaldía a votación, que resulta aprobada pola maioría absoluta cos votos a favor dos oito Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular e as dúas abstencións dos membros do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

5º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE RELATIVO AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2013.

Procédese neste punto da orde do día, a dar conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención do cumprimento da lei de medidas contra a morosidade relativo ao segundo trimestre de 2013, co seguinte tenor literal:

“ASUNTO: INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN PREVISTO NO ART. 5.4 DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

A fiscalización exerceuse de conformidade co establecido no artigo 4 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro aos efectos do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en adiante) , emitíndose o seguinte informe na estrita orde económica, con relación ao **artigo 4 da Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e as facturas impagadas con data de antigüidade superior a 30 días.**

CONSIDERACIÓNS PREVIAS EN CANTO AO ALCANCE DO INFORME.

De acordo coa Disposición Transitoria primeira da Lei 15/2010, de 5 de xullo de 2010 (BOE número 163, de 6 de xullo de 2010), que sinala que a lei será de aplicación a todos os contratos celebrados con posterioridade á súa entrada en vigor, así como o indicado na Disposición Final Única, segundo a cal a presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, **o presente informe limitase ás facturas cuxa entrada no concello sexa de data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2012 ata o 30 de xuño de 2013.**

LEXISLACIÓN BÁSICA DE APLICACIÓN

- Artigo 3 e 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo.
- Artigo 200, e Disposición Transitoria Oitava da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

En canto á morosidade das administracións públicas, o artigo 4.3 da Lei 15/2010, dispón:

“Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade Local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.

No apartado 4.4 do referido artigo establécese:

Sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arreglo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.

Queda claro que do mencionado precepto derívase a *obriga da elaboración por parte da Tesouraría e/ou a Intervención do informe que poña de manifesto o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas do Concello de Paradelas, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes* nas que se estea a incumprir o prazo, así como a obriga de *remitir o mesmo aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais, sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno do Concello.*

Dende o 1 de xaneiro de 2012, o programa de contabilidade municipal foi adaptado por parte da empresa de mantemento do mesmo, coa finalidade de poder elaborar o mencionado informe, proporcionando os listados cos datos das facturas totais rexistradas, o seu importe e os prazos de pago; xa que ata este momento non era posible poder cumprimentar debidamente os informes requiridos polo Ministerio, xa que o cálculo había que facelo manualmente, non dispoñendo dos medios nin persoais nin materiais.

É todo canto se informe, **PROPOÑÉNDOSE:**

1) Que do presente informe e os seus anexos se dea traslado aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao Consello de Contas, aos efectos oportunos.

2) Que se dea traslado igualmente ao Pleno do Concello de Paradelas, pois aínda que o artigo 4 da Lei di ao respecto do mesmo “sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local,”, o artigo 5.4, da mesma norma dispón:

“A Intervención ou órgano da Entidade Local que teña atribuída a función de contabilidade incorporará ao Informe trimestral ao Pleno regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales teñan transcorrido mais de tres meses dende a súa anotación no citado rexistro e non se teñan

tramitado os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se teña xustificado polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.

Por isto deberá unirse ao presente informe ao que se deberá dar conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre, xustificación pola Alcaldía das causas do incumprimento nos prazos de tramitación das facturas indicadas a continuación.

INFORME DE PAGOS REALIZADOS:

Nº pagos realizados dentro período legal de pago	Importe total de pagos realizados dentro do período legal de pago	Nº pagos realizados fóra período legal de pago	Importe total de pagos realizados fóra período legal de pago
61	70.764,88 €	76	88.644,22 €

INFORME DE FACTURAS PENDIENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTRE:

Nº de operacións pendentes dentro periodo legal de pago	Importe total de operacións pendentes dentro periodo legal de pago	Nº de operación pendentes fóra do periodo legal de pago	Importe de operacións pendentes fóra do periodo legal de pago
25	20.868,79 €	12	59.974,91 €

INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO TRIMESTRE: 0,00 €

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE RECOÑECIMENTO DA OBRIGA : NINGUNHA

Paradela, 4 de xullo de 2013. O Secretario-Interventor. Asdo.: José López González”.

O Pleno dase por enterado.

6º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA MANIFESTAR O REXEITAMENTO Á MEDIDA DA XUNTA DE CONVERTER O C.E.I.P. DE PARADELA NUNHA ESCOLA UNITARIA.

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista para manifestar o rexeitamento á medida da Xunta de converter o C.E.I.P de Paradaela nunha escola unitaria, co seguinte tenor literal:

“D. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, na súa condición de voceiro do Grupo Socialista no Concello de PARADELA comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46,2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día dous de xullo notificouse á dirección do C.E.I.P. San Miguel de Paradela a decisión tomada de xeito unilateral pola Xunta de Galicia, de converter a escola de primaria nun centro integrado. Novamente, o Partido Popular asestou un



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32/07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

novo machadazo á educación pública ao entender o ensino como un custo económico a suprimir.

Así, o Partido popular puxo o seu punto de mira na escola de Paradelas para seguir acometendo o programa de recortes que levaba oculto no seu programa electoral. Resulta evidente, que a calidade da educación que recibe un alumno nunha escola unitaria, se ve degradada ao ter que compartir espazos e educación con alumnos de diferentes idades, e polo tanto dispares contidos educativos.

Con este tipo de medidas por parte da Consellería de educación, vólvese poñer de manifesto a nula aposta da Xunta polo rural galego. O Partido Popular está a promover que os cidadáns que deciden vivir fóra dos núcleos urbanos non teñan os mesmos dereitos clasificándoos como cidadáns de segunda fila. Vivir no rural, ademais dunha decisión persoal, é un dereito que debe estar garantido pola administración galega.

Por iso, o Grupo Municipal Socialista considera que hoxe, máis que nunca é importante que o Pleno da Corporación manifieste de forma unánime, e por enriba de intereses partidistas, o rexeitamento á decisión da Xunta que supón unha mingua na calidade da educación dos alumnos de Paradelas.

MOCIÓN

O Concello de Paradelas rexeita a conversión do C.E.I.P. de San Miguel de Paradelas nunha escola unitaria, e esixe a retirada da medida de forma inmediata, pola degradación que vai supoñer na calidade da educación dos alumnos do centro.

En Paradelas a 11 de xullo 2013 Asdo. Sonsoles López Izquierdo. Voceira do Grupo do PSdeG_PSOE no Concello de Paradelas. P.O. Guillermo Castro González.

ALCALDE DO CONCELLO PARADELA”.

O Sr. Alcalde toma a palabra dicindo que o seu Grupo non está de acordo coa Moción, xa que o C.E.I.P. de Paradelas vai seguir sendo tal e como era e como é, non se vai converter nunha escola unitaria; sinalando asemade que para o seguinte curso haberá entre seis e sete profesores para corenta e oito alumnos o que representa un moi bo ratio de profesor-alumno, polo que os nenos van a ter un moi bo servizo, a única pega é que non haxa máis pequenos.

A continuación, procédese á votación da Moción que resulta rexeitada cos oito votos en contra dos membros do Grupo Municipal do partido Popular, polos dous votos a favor dos membros do grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros da Corporación.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación o sr. Alcalde procede a responder a pregunta formulada de xetio escrito polo Grupo Municipal Socialista, con entrada no Rexistro en data 12 de xullo de 2013, co seguinte tenor literal:

“Ó PLENO DO CONCELLO DE PARADELA

Dña. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, na súa condición de Concelleira Socialista no Concello de Paradelas comparece, e como mellor en Dereito proceda, DI:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e

Réxime Xurídico das Entidades Lócais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:

PREGUNTAS

1. ¿cal é a situación (propiedade actual, proxecto...) da parcela de Pol, onde en o Concello tiña planeado facer un centro social?

En Paradela, a 11 de julio de 2013 Asdo.: SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, Concelleiro/a do PSdeG-PSOE. P.O. Guillermo Castro González
SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE PARADELA”.

O Sr. Alcalde resposta dicindo que esa propiedade era de varias familias que no seu momento fixeron a escola e fixeron de profesores. Na actualidade unha das familias está aranxar os temas de herdanza porque unha das partes está interesada en facerse coa propiedade da totalidade da mesma; unha vez acadado esto, pretende a súa cesión ao Concello; pero haberá que ver se se está interesado ou non e cales son as condicións.

A voceira do grupo Municipal Socialista, D^a Sonsoles López Izquierdo, plantea unha pregunta de xeito oral acerca de quen pagou o boletín remitido polo Alcalde.


Este, resposta que foi él do seu peto que no pagou, aínda que o podía haber pagado o Concello.

A continuación, D^a Sonsoles López Izquierdo di que a primeira carta pagouna o Concello, xa que hai unha factura de arredor de mil douscentos euros, e pregunta a a canto ascendeu a factura de correos.

O Sr. Alcalde resposta dicindo que pida a factura de correos e que a vexa, que as contas do Concello están clarísimas.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e dezaioito minutos do dezaioito de xullo de dous mil trece, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace
O Alcalde



Concello de Paradela
Lugo
Alcalde

O Secretario-Interventor



Concello de Paradela
Lugo
Secretaría